

MÍNIMOS ESIXIBLES

1º E.S.O.

- Coñecemento dos materiais propios do debuxo técnico.
- Correcta utilización da escadra e do cartabón: Trazo de paralelas, perpendiculares e ángulos de 30, 45, 60 e 90 grados.
- Mediatriz e bisectriz: definición e procedemento do seu trazado.
- Cadriláteros: Clasificación e construción.
- Triángulos: Clasificación e construción.
- Expresividade das composicións con formas xeométricas.
- Texturas gráficas xeométricas: Sensacións de estabilidade e inestabilidade.
- A abstracción xeométrica.
- Expresividade das composicións con formas orgánicas.
- Texturas orgánicas. A abstracción orgánica.
- O círculo cromático básico: cores primarias e secundarias. A cor complementaria.
- Valores expresivos da cor.
- Coñecer as obras de arte fundamentais coas que traballaremos na aula.
- Elementos da narración visual na banda deseñada.
- Coñecemento básico da perspectiva cabaleira.
- Saber presentar con limpeza e puntualidade os exercicios.
- Saber traballar en grupo. Respetar o traballo propio e alleo así como o patrimonio artístico.

3º E.S.O.

- Utilización e coñecemento dos materiais propios do debuxo técnico.
- Coñecemento das operacións básicas (mediatriz, bisectriz e ángulos).
- Triángulos: Clasificación, construción e puntos notables.
- Cadriláteros: Clasificación e construción.
- Nomenclatura e construción dos polígonos de 5 a 10 lados.
- Poliedros: Construción dun dodecaedro.
- Coñecemento e utilización das escalas.
- Encaixe, grafismo e valores tonales.

- Expresividade dos efectos lumínicos
- Círculo cromático de 4 niveis. A cor complementaria.
- Fundamentos e utilidades do Diédrico, Axonométrico e Cónico.
- Correcta utilización da linguaxe diédrica e axonométrica.
- Coñecemento a nivel xeral da función do arte ao longo da historia.
- Clasificación dos mass media. Procesos técnicas e procedementos.
- Saber presentar con limpeza e puntualidade os exercicios.
- Saber traballar en grupo. Respetar o traballo propio e alleo así como o patrimonio artístico.

4ºE.S.O.

- Fundamentos e utilidades do Diédrico, Axonométrico e Cónico.
- Análise e aplicación do sistema diédrico.
- Acotación normalizada.
- Tipos de axonometrías: Trimétrica, dimétrica e isométrica.
- Análise e aplicación da perspectiva Isométrica.
- Análise e aplicación da perspectiva Cabaleira.
- Aplicación do coeficiente de redución na perspectiva cabaleira.
- Fundamentos da publicidade e do deseño.
- Análise e aplicación básica da perspectiva Cónica.
- A lectura da cor nas imaxes: Expresividade, intención e significado.
- Bases para unha análise crítica da publicidade.
- Fundamentos e procedemento do Stop-motion.
- Saber presentar con limpeza e puntualidade os exercicios.
- Saber traballar en grupo. Respetar o traballo propio e alleo así como o patrimonio artístico.

AVALIACIÓN

1.CRITERIOS AVALIACIÓN

A avaliación da materia baséase na correcta asimilación dos obxectivos expostos na programación didáctica, incluíndo neles o aprendizaxe das competencias básicas (que se avaliarán pero non se calificarán numericamente).

2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Como instrumentos para avaliar ao alumno/a, o profesor contará con:

- Unha avaliación inicial que indique o nivel previo do/a alumno/a.
- 1 exame escrito mínimo cada trimestre (se é posibel faranse 2).
- A entrega de láminas (pediránse un mínimo de 5 cada avaliación).
- A observación directa na aula.

3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para considerar superada a materia establécese o aprendizaxe dos obxectivos e contidos establecidos na programación da materia. Será tamén de carácter obrigatorio a entrega de tódolos traballos que se recollan polo profesor, así como a puntualidade de ditas entregas. Realizarase ó principio do curso unha avaliación inicial que nos facilitará o nivel de cada alumno así coma as posibles dificultades ás que nos enfrentamos. Isto daranos o punto de partida para a avaliación continua que se levará a cabo ao longo do curso téndose, polo tanto, moi en conta a evolución individual de cada alumno e tendo tamén en conta a atención á diversidade.

Dita avaliación dividirase en tres resultados concretos (un por trimestre), que aportarán información orientativa do progreso escolar. A pesar da importancia da parte teórica da asignatura, non haberá que esquecer que se trata dunha materia basicamente práctica. Así, valoraranse maioritariamente os resultados das prácticas tendo en conta ademais a comprensión teórica que estas conlevan. A nota de cada exercicio, ó igual que os exames, será o resultado da suma da puntuación do procedemento, o coñecemento e a actitude.

Acadarase a nota de cada trimestre calificando a nota media dos exercicios un 40%, as dos exames un 40% e a actitude (puntualidade, esforzo persoal, comportamento en clase...) un 20%. Tendo en conta que:

- Os traballos non presentados califícanse con cero puntos, facendo media co resto dos traballos.
- Os traballos presentados fora da data da entrega puntuarán un máximo de 5 puntos.

Non haberá exames de recuperación en ningún caso, xa que ao superar a avaliación seguinte considerarase recuperada a anterior. Así a nota que acaden na terceira avaliación será a nota final de xuño.

No caso de non acadar os mínimos esixidos ao final do curso, terán a derradeira oportunidade de repetila no mes de Setembro tal e como marca a lexislación actual. Así, nesta proba extraordinaria, os alumnos terán que entregar unha serie de láminas que realizarán no verán e farán tamén unha proba escrita en setembro, supoñendo as láminas un 30% da calificación e o exame un 70% da calificación.

ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE

Na Comisión de Coordinación Pedagóxica chegouse a un acordo para unificar o proceso de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores aplicable a tódalas materias. Dito acordo consta na división da programación da materia en dous partes iguais facendo, polo tanto, dúas probas (unha na metade do curso e outra ao final). De non acadar os mínimos esixidos deste xeito, os/as alumnos/as terán dereito a un exame global e final en Maio e (de ser necesario) outro en Setembro.

Para a preparación de estas probas, o Xefe/a do Departamento ofrecerá aos interesados un seguimento académico semanal ao longo de todo o curso no que lles aportará información, resolverá dúbidas e facilitará exercicios prácticos.

As programacións de referencia serán as do curso ao que pertenza a materia non superada (tanto os obxectivos e os contidos coma os criterios de avaliación e calificación).

Ao comezo do curso entregaránrelle aos interesados unha fotocopia **dos anexos 4 ou 5** (segundo corresponda) onde se especifica toda a información que precisan dun xeito mais concreto.

ANEXO 4

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL: PENDENTES 1º ESO

CURSO 2012/13

PROGRAMACIÓN PARA ALUMNOS/AS COA MATERIA DE 1º E.S.O. PENDENTE

Para a superación da materia os/as alumnos/as deben adquirir os coñecementos (tanto a nivel práctico coma teórico) dos contidos abaixo expostos. Dito aprendizaxe avaliarase mediante probas escritas (exames) nos que deberán obter unha calificación mínima de 5 puntos sobre 10.

Coa fin de facilitar dita tarefa, a xefa do Departamento reunirase os luns no tempo do recreo cos interesados/as que voluntariamente desexen explicacións teóricas ou exercicios prácticos que axuden á aprendizaxe dos contidos.

CONTIDOS	1ª PARTE	<ul style="list-style-type: none">• <u>A ESCADRA E O CARTABÓN</u>: Trazado de paralelas e perpendiculares. Coñecemento dos seus ángulos. Trazado dos ángulos de 45°, 30° e 60°.• <u>MEDIATRIZ E BISECTRIZ</u>: Trazado da mediatriz dun segmento e da bisectriz dun ángulo.• <u>TRIÁNGULOS</u>: Nomenclatura dos ángulos e lados. Clasificación de triángulos polos seus lados e ángulos. Construcción do triángulo equilátero partindo dun lado e inscrito nunha circunferencia.• <u>A COR</u>: Coñecemento das cores primarias, secundarias e complementarias. Realización do círculo cromático. Distinción de cores frias e cálidas.
	2ª PARTE	<ul style="list-style-type: none">• <u>CADRILÁTEROS</u>: Clasificación dos cadriláteros. Construcción do cadrado partindo dun lado e inscrito nunha circunferencia.• <u>PERSPECTIVA CABALEIRA</u>: Aplicada ao debuxo artístico.• <u>A BANDA DESEÑADA</u>: Proceso creativo e coñecemento da linguaxe propia da banda deseñada.
EXAMES	<p>Os alumnos/as:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Presentarse a un exame parcial sobre os contidos da 1ª parte a mediados de Xaneiro e a outro parcial sobre a 2ª parte a finais de Maio. De acadar en ambos unha calificación positiva daríaselles por recuperada a materia. Se o resultado fose negativo oo non se presentasen, quedarían convocados ao exame final a principios de Maio no que entrarían todos os contidos.2. Presentarse directamente ao exame final e global de Maio. <p>De non superar a materia en Maio, os alumnos/as serán convocados á proba extraordinaria de Setembro cos mesmos contidos.</p>	

DATAS: Tanto as datas e horas concretas dos exames coma a data de entrega de notas seran comunicadas aos interesados polo equipo directivo do centro con antelación suficiente.

RECIBÍ:

Asdo. LUCIA SESTO PORTO
(XEFA DO DEPARTAMENTO)

***Recordar aos alumnos que esta materia é de “contido progresivo”, o que a efectos prácticos supón que de aprobarse nun curso superior se recupera automaticamente os curso inferiores.**

ANEXO 5

MATERIA PENDENTE: EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL (3º ESO) CURSO 2012/13

Para a superación da materia os/as alumnos/as deben adquirir os coñecementos (tanto prácticos coma teóricos) dos contidos abaixo expostos. Dito aprendizaxe avaliarase mediante probas escritas (exames) nos que deberán obter unha calificación mínima de 5 puntos sobre 10.

Coa fin de facilitar dita tarefa, a xefa do Departamento reunirse os luns no tempo do recreo cos interesados/as que voluntariamente desexen explicacións teóricas ou exercicios prácticos que axuden á aprendizaxe dos contidos.

CONTIDOS

CONTIDOS		
1ª PARTE	1	MEDIATRÍZ DUN SEGMENTO E BISECTRÍZ DUN ÁNGULO
	2	CLASIFICACIÓN E CONSTRUCCIÓN DE TRIÁNGULOS (SEGÚN LADOS E ÁNGULOS)
	3	PUNTOS NOTABLES DO TRIÁNGULO (INCENRO, CIRCUCENTRO E BARICENTRO)
	4	CLASIFICACIÓN E CONSTRUCCIÓN DE CADRILÁTEROS
	5	POLÍGONOS REGULARES (NOMENCLATURA E CONSTRUCCIÓN EXÁCTA A TRAVÉS DA CIRCUNFERENCIA QUE OS INSCRIBE): <div style="display: flex; justify-content: space-between; margin-top: 5px;"> - PENTÁGONO - OCTÓGONO </div> <div style="display: flex; justify-content: space-between; margin-top: 5px;"> - HEXÁGONO - ENEÁGONO </div> <div style="display: flex; justify-content: space-between; margin-top: 5px;"> - HEPTÁGONO - DECÁGONO </div>
2ª PARTE	6	TEOREMA DE TALES: División proporcional dun segmento.
	7	DIÉDRICO: REPRESENTACIÓN DE SÓLIDOS SINXELOS A TRAVÉS DAS SUAS VISTAS DIÉDRICAS (PLANTA, ALZADO E PERFIL)
	8	AXONOMÉTRICO: COÑECEMENTO DAS DIFERENTES PERSPECTIVAS AXONOMÉTRICAS. TRADUCCIÓN AO SISTEMA DIÉDRICO DE FIGURAS REPRESENTADAS EN PERSPECTIVAS AXONOMÉTRICAS.
	9	A COR: COÑECEMENTO DO CÍRCULO CROMÁTICO E DAS RELACIÓNS CROMÁTICAS (CORES PRIMARIAS, CORES SECUNDARIAS E COR COMPREMENTARIA)

EXAMES	<p>Os alumnos/as:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Presentarse a un exame parcial sobre os contidos da 1ª parte a mediados de Xaneiro e a outro parcial sobre a 2ª parte a finais de Maio. De acadar en ambos unha calificación positiva daríaselles por recuperada a materia. Se o resultado fose negativo, quedarían convocados ao exame final a principios de Maio no que entrarían todos os contidos. 2. Presentarse directamente ao exame final e global de Maio. <p>De non superar a materia en Maio, os alumnos/as serán convocados á proba extraordinaria de Setembro cos mesmos contidos.</p>
---------------	---

RECIBÍ:

Asdo. LUCIA SESTO PORTO
(XEFA DO DEPARTAMENTO)

***Recordar aos alumnos que esta materia é de “contido progresivo”, o que a efectos prácticos supón que de aprobarse nun curso superior se recupera automaticamente os curso inferiores.**